Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

A web da USC ofrece un apartado de información específica para os alumnos de novo ingreso (www.usc.es > Información para: Futuros estudantes): <http://www.usc.es/gl/perfis/futuros/index.html>. Nese portal poden obter información relativa á oferta de estudos, matrícula e procedementos de acceso do Sistema Universitario Galego, bolsas e axudas, etc. Tamén dende a páxina principal da web da USC na pestana Convocatorias abertas: Máster, pode obterse información sobre os Másters ofertados pola USC e os seus aspectos fundamentais (prazas ofertadas, perfil de ingreso, estrutura, saídas profesionais, etc.).

A captación de estudantes para o Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos fíxose a través de varios mecanismos que inclúen a participación nas xornadas de difusión dos Másters organizadas pola USC, coa elaboración dun póster e un tríptico informativo, a organización de xornadas de presentación do Máster nos centros da USC onde se forman titulados que poden ser potenciais alumnos do Máster (ETSE e Facultade de Ciencias), difusión a través dos Colexios de Enxeñeiros Técnicos Industriais e Enxeñeiros Químicos e mailing a alumnos egresados e a outras Universidades. Asimesmo, na páxina web do Máster (http://www.usc.es/etse/meg_bio) inclúese un folleto informativo e unha presentación do Máster para a súa consulta.

No curso 2013-14 que foi o de implantación de Máster cubríronse o 52% das prazas ofertadas, que foron 25 (IN01M-PC-05) tal e como se establecía na memoria de verificación. O obxectivo deste Máster é proporcionar unha formación adicional aos Graduados en Enxeñaría Química e, de modo xeral, aos Graduados de todas as titulacións que capacitan para a profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Química Industrial. A relativamente baixa matrícula de novo ingreso no curso 2013-14, 13 alumnos (IN03M-PC-05), pode explicarse si temos en conta que no curso 2012-13 só houbo 5 Graduados en Enxeñaría Química na USC. Esta primeira promoción foi moi pequena debido a que estaba formada só por aqueles alumnos que optaron por pasarse ao Grao tras ter comezado na titulación antiga de Enxeñaría Química de 5 anos, o que foi o motivo de rebaixar as prazas ofertadas de novo ingreso no curso de implantación na memoria do título. Cabe sinalar que dos 5 Graduados en Enxeñaría Química na USC, 3 matricularonse no Máster (o 60%). O resto dos matriculados foron Enxeñeiros Químicos (8) e Enxeñeiros Técnicos Industriais Esp. Química Industrial (2). Non obstante, espérase que a demanda creza paulatinamente a medida que aumente o número de Graduados en Enxeñaría Química na USC, así como a través da captación de alumnos doutras Universidades ata alcanzar o límite máximo establecido na memoria do título de 40 alumnos.

En canto ao perfil de ingreso foi exactamente o recomendado posto que todos os alumnos accederon procedentes de titulacións vinculadas co exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial na especialidade Química Industrial, que son os únicos que poden acceder sen necesidade de formación complementaria (que é necesario establecer dependendo da titulación de acceso), por tratarse dun Máster vinculado co exercicio da profesión de Enxeñeiro Químico (BOE 4/08/2009).

En canto ao proceso de acollida no primeiro día lectivo do curso e programado no horario, os estudantes de novo ingreso reciben unha charla por parte da Coordinadora do Máster nas que se lles presenta a titulación, a súa estrutura, horarios, mecanismos de coordinación e se responde a todas as cuestións formuladas polos alumnos. Asimesmo, a ETSE elabora cada curso unha guía de estudantes e una presentación da Escola, que están dispoñibles na súa páxina web na sección "Información": <http://www.usc.es/etse/info>.

BOAS PRÁCTICAS:

- Participación nas xornadas de difusión dos Másters organizadas pola USC.
- Organización de xornadas de presentación do Máster nos centros da USC onde se forman titulados que poden ser potenciais alumnos do Máster.
- Difusión do Máster a través dos perfís de Twiter do Departamento de Enxeñaría Química (@EnxQuim_USC) e da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (@etse_USC) que se puxeron en marcha no curso 2013-2014.
- Elaboración de enquisas para estudantes de novo ingreso.
- Mantemento da páxina web do Máster http://www.usc.es/etse/meq_bio a que se pode acceder dende a páxina web da Escola Técnica Superior de Enxeñaría <http://www.usc.es/etse/> coa información detallada da Titulación.
- Elaboración dunha Guía de Estudantes da ETSE, que incorpora a información actualizada de maior utilidade para o estudiantado de novo ingreso, facilitando a súa integración no Centro. Esta guía repártese ós estudantes de novo ingreso na xornada de benvinda ó inicio do curso, e está dispoñible na web da ETSE.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Accións para a captación de alumnos de novo ingreso.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

5. Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de “Planificación da ensinanza”, “Garantía da calidade dos programas formativos” e “Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe” do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

O Plan de Estudos do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprosos da Universidade de Santiago de Compostela cumpre coas directrices contempladas no artigo 15 do Real Decreto 1393/2007. Ten un total de 90 ECTS distribuídos en cinco módulos que se imparten ao longo de tres semestres e que inclúen a totalidade da formación teórica e práctica que o estudante debe adquirir. O Máster remata coa elaboración e defensa dun Traballo Fin de Máster de 18 ECTS.

Na memoria de verificación de título que pode atoparse na páxina web do Máster: http://www.usc.es/etse/meq_biono apartado 1. Proceso de verificación http://www.usc.es/etse/files/u1/memoria_meqbio_definitiva_20130711.pdf pode consultarse a estrutura do plan de estudos (Anexo: Apartado 5) co listado das materias sinalándose o número de ECTS, o semestre e o carácter obrigatorio ou optativo das mesmas. Asimesmo, a memoria tamén contén (páxinas 11 a 48) unha descrición detallada de cada unha das materias, en canto a contidos, competencias que se desenvolven e avaliación.

Cabe sinalar que no informe final de avaliación da solicitude de verificación do título estabrecíase a seguinte recomendación relativa a este criterio: “Se recomienda revisar todas las asignaturas, a excepción de las prácticas externas y el TFM, todas tienen los mismos sistemas de evaluación con idéntica ponderación”. Para atender a esta recomendación nas guías docentes das materias, que poden consultarse na web da USC (<http://www.usc.es/gl/centros/etse/programas.html?plan=14996>), establecéronse porcentaxes definidas para cada criterio de avaliación e materia. Os sistemas de avaliación empregados aparecen claramente definidos para cada materia na súa guía docente. A programación docente de cada materia é elaborada conforme á normativa da USC e as recomendacións da ETSE (<http://www.usc.es/etse/files/u1/RecomendacionsGuiasDocentesMaio2014.pdf>), e revisada e aprobada pola Comisión Académica do Máster.

Toda a información relativa ás prácticas en empresa (obrigatorias) e Traballo Fin de Máster, incluíndo normativa da USC, a normativa interna aprobada pola Comisión Académica, oferta, convocatorias, adxudicacións, etc. pode atoparse na páxina web do máster http://www.usc.es/etse/meq_bio nos apartados correspondentes. Asimesmo, cabe destacar que a USC publicará no seu repositorio institucional Minerva unha selección dos TFM: <http://minerva.usc.es/handle/10347/11578>

Respecto aos prazos de avaliación do estudantado, o valor do indicador IXA-M04 (porcentaxe de actas fora de prazo) foi de 0, fronte ao 22,30% da media da Universidade.

Os horarios, tanto de teoría como de prácticas, publícanse na web do Máster: http://www.usc.es/etse/meq_biono Apartado 4. Horario e calendario de actividades docentes en canto son aprobados pola Comisión Académica do Máster e antes de rematar o curso precedente, e mantéñense actualizados ante calquera cambio ou axuste que faga falta realizar ao longo do curso. Asimesmo, tamén están dispoñibles na web da USC: http://www.usc.es/gl/centros/etse/horario_cursos.html. Das reunións cos alumnos detectáronse problemas co horario dalgunhas materias, por exemplo, por estar moi concentradas polo que se formula unha acción de mellora para facer unha revisión xeral dos horarios.

Ao tratarse dun Máster estruturado en módulos, estableceuse un mecanismo de coordinación dos mesmos nomeando Coordinadores de Módulo que celebran reunións ao inicio e ao peche de cada un deles, e cos representantes de alumnos se se considera necesario.

Asimesmo, realizáronse enquisas internas aos alumnos sobre o desenvolvemento de cada un dos módulos, co fin de obter información sobre a coordinación das materias, contidos, carga de traballo, satisfacción xeral, etc. Toda esta información é despois tratada nas reunións da Comisión Académica (<http://www.usc.es/etse/comisionmqeb>) da que forman parte dous representantes de alumnos, e reflexada nas correspondentes actas. O curso pasado detectáronse problemas na coordinación dalgunhas materias, solapamento de contidos, disfunción de horarios, etc. Asimesmo, quere promoverse a coordinación vertical entre materias de diferentes Módulos polo que se propón unha acción de mellora para promover a coordinación inter e intra Módulos e outra para a revisión de contidos e horarios.

O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi moi elevado, o que se reflicte no indicador *IN46M-S01-PM-01* que ten un valor de 4,21 (o rango de variación foi entre 3,19 e 4,87) bastante por encima da media da Universidade de 3,86. Ademais, cabe destacar o elevado grao de participación dos alumnos do Máster nas enquisas cunha media do 78,57% (*IN48M-PM-02*) fronte a media da universidade do 40,26% e a media dos estudos de máster na USC do 36,21%, o que pon de manifesto a implicación dos alumnos e confire garantía aos resultados obtidos. Analizando de forma particular a valoración das preguntas máis relacionadas coa planificación das ensinanzas (*INF-13*) pode observarse que tamén foron altas en todos os casos:

- Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente: 4,26
- Cumpre co programa e o plan de traballo previsto: 4,26
- Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia: 3,99

Pola contra, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi máis baixa 3,63 (*IN47-S01-PM-01*) por debaixo da media da Universidade de 3,97, tendo os items relativos a coordinación valores inferiores á media:

- A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada: 3,30
- A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva: 3,50

o que apoia a acción de mellora proposta.

Dispónse de convenios con 26 empresas e 6 grupos de investigación da USC para a realización das prácticas en empresa do Máster, o que supón unha oferta suficiente para as prazas de novo ingreso ofertadas xa que as prácticas externas son obrigatorias. É de destacar o elevado grao de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas. O índice correspondente (*IN20M-PC-09*) ten un valor de 4,42 (variación entre 4,17 e 4,50 nos diferentes items avaliados, *INF.7*) , superior á media da Universidade de 4,12. En particular o ítem relativo á planificación: Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título tivo unha calificación de 4,50 puntos. O grao de satisfacción dos alumnos co programa de prácticas externas foi máis baixo, *IN19M-PC-09=3,71*, fronte a media da Universidade de 3,93, polo que se intentará mellorar cunha acción de mellora na que o obxectivo é dispoñer de máis convenios e ofertar unha maior variedade de empresas.

A información sobre a mobilidade está dispoñible na páxina web da ETSE <http://www.usc.es/etse/mobilidade>. No caso do Máster está prevista para o segundo curso, polo que no curso 2013-14 non houbo alumnos saíntes (*IN17M-PC-08=0*). Non obstante, sí recibimos estudantes ERASMUS (*IN18M-PC-08=7,69* (porcentaxe de alumnos recibidos sobre o total de matriculados)).

Por outra banda, propúxeronselle aos alumnos diferentes actividades formativas fundamentalmente para complementar a adquisición de competencias transversais ou o coñecemento de empresas. As actividades formativas promovidas pola ETSE comunicáanse a través do perfil de Twitter @etse_usc. Non obstante, detectáronse certas limitacións para tomar parte nelas sobre todo polo solapamento con outras actividades docentes. En consecuencia, propónse unha acción de mellora para, por unha banda, elaborar unha oferta de actividades complementarias e, por outra, establecer unha organización das mesmas para favorecer a súa participación. A súa vez o desenvolvemento destas actividades pode requiren nalgúns casos de financiamento polo que tamén se formula unha acción de mellora enfocada á busca de patrocinios de empresas para éstas e outras actividades do Máster.

BOAS PRÁCTICAS:

- Existencia de profesores Coordinadores de Módulo.
- Realización de enquisas internas de módulos para a análise da carga de traballo e a súa distribución temporal, coordinación de materias, revisión de contidos, etc.
- Reunións dos profesores de cada Módulo para a mellora da docencia.
- Elaboración dun documento con recomendacións para a elaboración das programacións docentes das materias do título.
- Revisión de tódalas programacións das materias por parte da Comisión Académica do Máster antes da súa aprobación para o cumprimento da normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e do recollido na memoria do título.
- Publicación das programacións docentes en galego, castelán e nalgúns casos en inglés.
- Publicación con antelación da planificación temporal da docencia, para facilitar o deseño da matrícula ou a posible compatibilidade con outras actividades por parte do estudantado.
- Existencia dun calendario de actividades académicas para cada curso <http://www.usc.es/etse/gl/category/7/10800/10809> de utilidade para os estudantes para unha mellor planificación do seu traballo e para os profesores de cara a unha mellor distribución da carga de traballo entre as materias dun mesmo Módulo.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Busca de novos convenios para prácticas en empresa.
- Busca de patrocinios de empresa.
- Mellora da coordinación inter e intra Módulos.
- Revisión de contidos de materias obrigatorias e dos horarios.
- Oferta de actividades complementarias para a adquisición de competencias.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

6. Recursos humanos

Valorarase o criterio de “Persoal académico” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

A información do profesorado que imparte docencia no Máster así como a normativa para a súa selección atópase na páxina web do Máster http://www.usc.es/etse/meq_bio. Asimesmo, na páxina web da ETSE na Sección Persoal/ Profesorado figuran todos os profesores que imparten docencia na ETSE: <http://www.usc.es/etse/gl/category/3/1770>.

Por outra banda, o/os profesor/es que imparte/n cada materia, e a indicación do coordinador no caso de haber mais dun, poden encontrarse na guías docentes accesibles dende a páxina do título na web da USC: <http://www.usc.es/gl/centros/etse/titulacions.html?plan=14996&estudio=14997&codEstudio=14488&valor=9>.

En canto as características do profesorado, o 100% do profesorado do Máster (IN25-PS-01) é PDI doutor e o 79,17% (IN26M-PC-01) PDI funcionario, o que pode atribuírse en parte as restricións en canto a promoción es estabilización do profesorado nos últimos anos. A porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no Máster e do 91,67% (IN24M-PS-01) o que indica que os profesores implicados no Máster desenvolven unha actividade investigadora significativa xunto coa súa actividade docente o cal é de gran interese para a docencia a nivel de máster. O perfil do profesorado está en consonancia co establecido na memoria de verificación do título: 8 Catedráticos de Universidade, 11 Profesores Titulares de Universidade, 6 Profesores Contratado Doutor e 1 Contratado Ramón e Cajal das áreas de Enxeñaría Química (18), Matemática Aplicada (1), Bioquímica e Bioloxía Molecular (3), Microbioloxía e Parasitoloxía (1), Economía Financeira e Contabilidade (2) e Psicoloxía Social, Básica e Metodolóxica (1).

O uso da plataforma virtual de apoio a docencia da USC e case xeral como pode comprobarse nas guías docentes das materias do Máster.

En canto ao persoal de administración e servizos dispoñible para apoiar a docencia do Máster (centro, biblioteca, secretaría do centro e aulas informática) considérase suficiente para garantir o correcto desenvolvemento das actividades coa excepción do persoal de apoio as aulas informática que non se considera suficiente para resolver coa rapidez necesaria para o adecuado desenvolvemento das clases, as incidencias que xurden co emprego de software ou cos equipos informáticos.

O PDI e o PAS participan nas actividades de formación propostas pola USC e demostran en xeral elevados graos de satisfacción coa formación recibida. Non obstante, os informes (Inf. 10 e 11) son globais para a Universidade polo que non dispoñemos de información particular relativa a participación utilidade e satisfacción para os recursos humanos dispoñibles no Máster.

O ratio de estudantes por profesor a tempo completo de 0,54 (IN30M-PS-01) así como as medias de alumnos por grupos de teoría e de docencia interactiva, 7,45 (IN31M-PS-01) e 7,40 (IN32M-PS01), respectivamente, son moi baixos o que garante un moi bó desenvolvemento da docencia do título o que pode relacionarse co elevado grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida o que se reflicte no indicador IN46M-S01-PM-01 que ten un valor de 4,21 bastante superior á media da Universidade do 3,86. Caba destacar que as valoracións foron elevadas en todos os items, correspondendo a puntuación máis baixa á coordinación de materias cun valor de 3,99 (INF. 13). A satisfacción do profesorado coa docencia impartida é máis baixa 3,63 (IN47M-S01-PM-01) o que se debe as baixas puntuacións nos items de nivel dos alumnos, coordinación de profesores e materias e recursos e servizos dispoñibles, o último atribuíble a significativa redución no financiamento que están a sufrir os títulos (INF. 14).

Polo que respecta a participación do profesorado no desenvolvemento do Título, ademáis da Coordinadora do mesmo, que ademáis forma parte e participa nas diversas comisións do Centro (Calidade, Permanente), outros oito profesores forman parte da Comisión Académica do Máster. Ademáis, cada Módulo do Máster ten un coordinador coa función de coordinar as diferentes materias que o integran, organizar actividades tales como vistas a empresa, etc.

Na páxina web da ETSE na sección "Información" <http://www.usc.es/etse/info> pode encontrarse unha Guía de profesores así como Recomendacións para a elaboración das guías docentes da ETSE.

A páxina web da ETSE dispón dun perfil de twitter @etse_usc a través do cal se difunde información da vida académica da ETSE, convocatorias, ofertas de emprego, etc.

BOAS PRÁCTICAS:

- Elaboración dunha normativa interna para a selección do profesorado do Máster dispoñible na páxina web do Máster: http://www.usc.es/etse/meq_bio
- Premios "Leonardo" a docencia que premian aos profesores das diferentes titulacións da ETSE con mellores resultados nas enquisas de satisfacción do alumno coa docencia recibida. Entréganse no acto do Día da Escola.
- Celebración de reunións de coordinación de cada Módulo do Máster.
- Programación Cursos de Innovación Docente por parte do Dept. de Enxeñaría Química. No 2014: Desenvolvemento de competencias de influencias e negociación (12 h)

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Mellora da coordinación inter e intra Módulos

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

7. Recursos materiais e servizos

Valorarase o criterio de “Recursos materiais e servizos” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Na páxina web da ETSE <http://www.usc.es/etse/> na Sección “A Escola” <http://www.usc.es/etse/etse> atópase información sobre as Infraestruturas (aulas, laboratorios, aulas informática, etc) e os distintos servizos tanto xerais (biblioteca, cafetería, etc.) como administrativos (administración, oficina de moibilidade, etc).

Todas as actividades programadas nos horarios do título (clases de teoría e seminarios, prácticas de laboratorio ou prácticas en aula informática e exames) teñen os seus espazos reservados no momento de aprobarse os mesmos. Todas as infraestruturas dispoñen dos medios necesarios para o desenvolvemento da docencia. Compre destacar o esforzo anual de renovación dos equipos das aulas informáticas, así como a renovación de 7 cañóns de proxección das aulas de teorías e seminarios logo das suxestións que o profesorado e alumnado da ETSE fixo no curso 2013-2014.

A reserva de espazos para outras actividades complementarias pode hacerse por diferentes mecanismos dependendo do espazo en cuestión: reserva en conserxería, anotación en folia de rexistro, etc.

Os espazos dispoñibles considéranse suficientes para unha correcta programación das actividades docentes coa excepción das aulas informáticas algo limitadas para as necesidades docentes da ETSE. Precisamente o ítem de recursos e servizos e dos menos valorados polo profesorado no informe de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (Inf. 14). Cabe destacar tamén a desaparición do servizo de reprografía do centro que causou certos problemas no seu inicio. Este servizo está agora cuberto polo Campus na nube, referenciado na web da ETSE <http://www.usc.es/etse/campusnanube>, e a atención persoal limitada nunha serie de centros.

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría dispón da certificación OHSAS 18.001, sendo o primeiro centro docente e investigador do SUG que consegue dita certificación. A consecución da acreditación pon de manifesto o esforzo e implicación do Centro e o seu persoal para garantir espazos de traballo seguros para os seus membros.

En canto aos fondos bibliográficos na Biblioteca da ETSE, as monografías en papel, fundamentais para a docencia, foron aumentando progresivamente ata o ano 2013 destacando o moi significativo incremento no 2012 (Inf. 2). Non obstante, as publicacións periódicas electrónicas accesibles dende a USC reducíronse significativamente, o que é negativo para as materias nas que se utilizan estes recursos, en particular nas do Módulo de Investigación e no Traballo Fin de Máster. Asemade, a biblioteca introduce as novidades na rede social “Pinterest” (<http://es.pinterest.com/buscetse/>) que a súa vez é comunicada vía Twitter. Cada ano, cos poucos recursos dos que se dispón, faise un compra priorizada de libros en función das guías docentes e peticións do PDI e do alumnado.

Disponse de convenios con 26 empresas e 6 grupos de investigación da USC para a realización das prácticas en empresa do Máster, o que supón unha oferta suficiente para as prazas de novo ingreso ofertadas xa que as prácticas externas son obrigatorias. Plantéxase unha proposta de mellora para a busca de novos convenios tanto a nivel nacional como internacional para aumentar a oferta en número e tipo de empresas.

Por outra banda, cabe destacar que o financiamento público que estan a recibir as titulacións está a diminuír de forma significativa polo que para poder garantir o adecuado desenvolvemento da docencia práctica e poder ofertar visitas a empresas e outras actividades complementarias precísase de financiamento externo. Por iso se propón como acción de mellora a busca de patrocinios de empresas.

BOAS PRÁCTICAS:

- Certificación OHSAS 18001
- Pantallas de visualización de datos dispostas por todo o Centro e conectadas ao ordenador da Conserxería para a difusión de información de interese.
- Espacios abertos con mesas de traballo para facilitar o desenvolvemento de traballo autónomo en grupos de traballo.
- Servizo de préstamo de discos duros portables aos estudantes.
- Servizo de taquillas para o estudantado.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Busca de patrocinios de empresas.
- Busca de novos convenios para prácticas en empresa.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

8. Resultados previstos

Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Na memoria de verificación do título (http://www.usc.es/etse/files/u1/memoria_meqbio_definitiva_20130711.pdf) indícanse os obxectivos a acadar no Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos: una taxa de rendimento do 70%, una taxa de eficiencia do 80%, unha taxa de graduación do 70% e una taxa de abandono do 10%. Por ser o curso 2013-14 o de implantación do máster non se dispón das taxas de eficiencia (IN39M-S01-PM-01), de graduación (IN37M-S01-PM-01) e de abandono (IN41M-S01-PM-01) nen doutros índices como a duración media dos estudos (IN38M-S01-PM-01) e todos os índices e informes relacionados cos alumnos egresados. Pero si podemos comparar a taxa de rendemento (número de créditos ordinarios superados entre número de créditos ordinarios matriculados) e podemos analizar outras taxas adicionais como as de éxito (número de créditos ordinarios superados entre número de créditos ordinarios presentados) e a de avaliación (número de créditos ordinarios presentados entre número de créditos ordinarios matriculados). A taxa de rendemento (indicador IN34M-S01-PM-01) foi de 89,45, significativamente mais alta que a proposta na memoria do título. Polo que respecta as taxas de éxito (indicador IN35M-S01-PM-01) e de avaliación (indicador IN36M-S01-PM-01) tomaron valores de 97,86 e de 91,41, respectivamente. En xeral, os valores das taxas analizadas son una indicación dos bos resultados obtidos o que reflicte a adquisición das competencias esixidas.

Os bos resultados están en relación co elevado grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, que se reflicte no indicador IN46M-S01-PM-01 que ten un valor de 4,21 (o rango de variación foi entre 3,19 e 4,87) bastante por encima da media da Universidade de 3,86. Cabe destacar o elevado grao de participación dos alumnos do Máster nas enquisas cunha media do 78,57% (IN48M-PM-02) fronte a media da universidade do 40,26% e a media dos estudos de máster na USC do 36,21%, o que pon de manifesto a implicación dos alumnos e confire garantía aos resultados obtidos. Asimesmo, as valoracións foron elevadas en todos os items, correspondendo a puntuación mais baixa á coordinación de materias cun valor de 3,99 e a mais alta a resolución de dúbidas por parte do profesor cun valor de 4,45 (INF. 13). A satisfacción do profesorado coa docencia impartida é mais baixa 3,63 (IN47M-S01-PM-01) por debaixo da media da Universidade de 3,97, o que se debe as baixas puntuacións nos items de nivel dos alumnos, coordinación de profesores e materias e recursos e servizos dispoñibles, o último atribuíble a significativa redución no financiamento que están a sufrir os títulos (INF. 14).

Esta é un dos motivos de formular unha acción de mellora para a busca de patrocinios de empresas co fin de conseguir financiamento externo, neste criterio fundamentalmente para o adecuado desenvolvemento das materias prácticas de laboratorio e a organización de actividades formativas complementarias tales como visitas a empresas.

Asimesmo, aunque os diferentes índices teñen valores satisfactorios co fin de mantelos ou melloralos en vindeiros cursos plantéxanse varias accións de mellora relacionadas, relativas a mellora da coordinación inter e intra módulos, a revisión de contidos de materias obrigatorias e horarios, oferta de actividades complementarias ou busca de novos convenios con empresas. É de destacar o elevado grao de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas. O índice correspondente (IN20M-PC-09) ten un valor de 4,42 (variación entre 4,17 e 4,50 nos diferentes items avaliados, INF.7) , superior á media da Universidade de 4,12, o que pon de manifesto o elevado grao de satisfacción da empresa cos coñecementos (4,33) e competencias profesionais dos alumnos (4,17) entre outros. O grao de satisfacción dos alumnos co programa de prácticas externas for mais baixo, IN19M-PC-09=3,71 fronte a

media da Universidade de 3,93, polo que se intentará mellorar cunha acción de mellora na que o obxectivo e dispoñer de mais convenios e ofertar unha maior variedade de empresas.

Non houbo actas fora de prazo no curso 2013-14 (*IXA-M04=0*) fronte ao 22,30 da media da Universidade.

Polo momento non se dispón de informes de inserción laboral dos titulados do Máster pero a análise da inserción laboral dos titulados en Enxeñaría Química da USC (de 5 anos) que se encontra en extinción, pode tomarse como referencia. No último informe de inserción laboral proporcionado pola ACSUG (datos do curso 2009-10) os titulados en Enxeñaría Química tardaron unha media de 11,56 meses en atopar emprego, o 63,9% dos titulados traballa e o 57,7% en algo relacionado co seu título. Estes datos son significativamente inferiores aos do curso 2008-09, no que o tempo medio para atopar emprego foi de 7,41 meses, o 81,1% dos titulados traballa e o 78,4% en algo relacionado co seu título, o que pode atribuírse aos efectos da crise económica. Comparando os datos coa media dos titulados na Área de Enxeñaría e Arquitectura da USC no curso 2009-10 tardan unha media de 5,08 meses en atopar emprego, traballan o 43,4% dos titulados e deles o 40,6% en algo relacionado coa súa titulación, datos bastante inferiores aos indicados para os Enxeñeiros Químico, salvo no tempo en atopar emprego . Polo tanto as previsións de inserción laboral dos titulados no Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos son bastante prometedoras.

BOAS PRÁCTICAS:

- Realización de enquisas internas de módulos para a análise da carga de traballo e a súa distribución temporal, revisión de contidos, etc.
- Reunións de Módulo para a mellora da docencia.
- Reunións cos representantes de alumnos para a mellora da docencia.
- Premios aos mellores Traballos Fin de Máster e mellores expedientes académicos, nos actos do Día da Escola.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Mellora da coordinación inter e intra Módulos.
- Revisión de contidos de materias obrigatorias e dos horarios.
- Oferta de actividades complementarias para a adquisición de competencias.
- Busca de patrocinios de empresas
- Busca de novos convenios para prácticas en empresa.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

9. Sistema de garantía da calidade

Valorarase o criterio de “Sistema de garantía de calidade” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

O sistema de garantía de calidade de aplicación na titulación de Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos segue as liñas xerais marcadas polo sistema de garantía interna de calidade (SGIC) da USC, que depende da Área de Calidade e Mellora de Procedementos: <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/index.html>.

Por outra parte a ETSE dispón dun Sistema de Garantía de Calidade para facer o seguimento correspondente, no que participa o equipo de dirección do Centro, a Comisión de Calidade do Centro, á que pertence a Coordinadora do máster, e o Responsable de Calidade do Centro: <http://www.usc.es/etse/calidade>. Nesta ligazón tamén se pode descargar o Manual Simplificado do SGIC da ETSE.

As actas das reunións e acordos da Comisión de Calidade así como das outras comisión do Centro quedan arquivados na Unidade de Apoio á Xestión da ETSE. O SGIC da ETSE conta coa avaliación positiva da ACSUG. Na sección de Calidade da web da ETSE tamén están dispoñibles o SGIC marco da USC e maila Planificación Estratéxica do Centro, así como o seu Programa Plurianual.

Ademais, o portal de inicio da web da ETSE ten unha sección específica dedicada á Mobilidade (<http://www.usc.es/etse/mobilidade>) e na páxina web do Máster (http://www.usc.es/etse/meq_bio) un apartado dedicado ás Prácticas en empresa, onde se recollen os regulamentos e toda a información asociada con ditos procesos.

BOAS PRÁCTICAS:

- Existencia dunha Comisión de Calidade da ETSE que analiza os resultados acadados e planifica os novos obxectivos/metos que se deben lograr: <http://www.usc.es/etse/calidade>
- Elaboración dun Plan de Seguridade da ETSE: <http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10590/10606>
- Acreditación do Centro polo programa FIDES AUDIT de Calidade da ACSUG: http://www.usc.es/etse/files/u1/certificado_ACSUG.jpg
- Obtención da Certificación OHSAS 18001: <http://www.usc.es/etse/gl/node/4843>
- Acreditación do título de Enxeñaría Química (de 5 anos), en proceso de extinción, por parte da “Institution of Chemical Engineers” (IChemE): http://www.usc.es/enxqu/files/2013_USC_ICHEME_Accreditation_MEng%20Chemical%20Engineering_1.pdf referente da profesión de Enxeñeiro Químico a nivel mundial (http://www.icheme.org/about_us.aspx). A intención é solicitar a acreditación do Máster en canto sexa posible (necesítase unha cohorte enteira de egresados cando menos).
- Existencia de unha caixa de suxestións a disposición de todos os membros da Comunidade ETSE.

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

10. Calendario de implantación

Valorarase o criterio de “Calendario de implantación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

O Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos empezou a impartirse no curso 2013-14 e implantouse de modo completo nese curso. No primeiro semestre do curso 2013-14 implantáronse os Semestres 1 e 3 do Máster e, no segundo, o Semestre 2 tal e como se contemplaba no Calendario de Implantación na memoria de verificación do título.

Este calendario de implantación estableceuse para cumprir co proceso de adaptación establecido na memoria de verificación do Máster para os titulados en Enxeñaría Química (5 anos), que teñen acreditadas, ademais das competencias correspondentes ao Grao en Enxeñaría Química, outras competencias das que se adquiren no Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, o que implica a convalidación de certas materias obrigatorias e optativas.

Como conclusión, o cumprimento do criterio “Calendario de implantación” é total.

BOAS PRÁCTICAS:

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO	
INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
“Se recomenda revisar todas as asignaturas, a excepción de las prácticas externas y el TFM, todas tienen los mismos sistemas de evaluación con idéntica ponderación”.	Na guía docente de cada materia asignáronse porcentaxes específicos aos diferentes criterios de avaliación Data: Setembro 2013. Responsable: Comisión Académica Estado: rematado.
INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)